


TEMA 4. - ARTE PRERROMÁNICA: COMENTARIO DE SANTA COMBA DE BANDE

a.- Identificación: título, autor, cronoloxía, cultura, estilo, movemento: Igrexa de Santa Comba de Bande. Edificio relixioso. Arte prerrománica hispanovisigoda. Segunda metade do século VII. Localización: Bande, provincia de Ourense. Materiais: granito e ladrillo.


c.- Analiza e comenta a obra: Santa Comba de Bande é unha igrexa monacal, é dicir cun pequeno mosteiro, situada preto dos camiños e habitada por unha pequena comunidade de monxes cuxa misión era proporcionar axuda tanto espiritual como material aos camiñantes e peregrinos. Foi reconstruída no século IX por arquitectos asturianos, polo que a súa estrutura orixinal perdeuse en grande parte.

A **planta** orixinal era basilical [rectangular] cunha cruz grega inscrita nela. Da planta basilical sobresaía a ábsida cadrada na cabeceira. Rodeando a cruz dispoñíanse as celas que se destinaban aos monxes [só se conserva unha]. Consta dunha soa nave tanto no brazo maior como no transepto. O lugar onde se cruzan ambos brazos chámase cruceiro [cadrado].



No **interior** o espazo interno está moi compartimentado e predomina a sobriedade: os elementos decorativos son moi escasos. O interior é moi escuro [precedente do Románico] porque as ventás son escasas e moi pequenas e teñen celosías¹. e porque os muros en pedra son moi grosos: son de perpiaños con tamaños moi dispares.

O arco empregado é o de ferradura, un dos elementos construtivos claves na arquitectura visigoda; trátase dun arco novo na arquitectura hispana que logo será recollido



polos musulmáns: é máis baixo e aberto que o posterior islámico.

Toda a

construción está cuberta con bóvedas en ladrillo [influxo romano]: o brazo maior e o transepto teñen bóvedas de canón e o cruceiro está cuberto con bóveda de arestas. Entre os muros e as bóvedas aparecen impostas decoradas con motivos



¹ Reixas de aspecto decorativo



xeométricos moi simples [zigzags e espigas]. A entrada á absida realízase a través dun arco de ferradura a modo de arco de triunfo [simboliza o triunfo da Igrexa]: apóiase sobre catro columnas pareadas² de mármore con fuste liso e capiteis corintios moi toscos con cimacios enriba [influxo bizantino] decorados con formas xeométricas como ás das impostas. Son as únicas columnas que presenta

esta igrexa.

Exteriormente observamos que é de pequeno tamaño, ten un aspecto moi macizo, pobre e austero, predominan os volumes cúbicos, producindo sensación de compartimentación. Presenta un pórtico cadrado na fachada principal e detrás unha espadana [estrutura arquitectónica onde se colocan as campás] engadida no século XVIII. Sobre o cruceiro sitúase o ciborio cúbico.

A pesar do seu aspecto pobre e das súas pequenas dimensións, Santa Comba é unha construción proporcionada e harmónica.

Foi declarada Monumento Nacional en 1921.



² Colocadas de dúas en dúas